

**O CONCELLO DE PORTO DO SON LEVA A CABO ESTE MES DE XUÑO A SÚA SEXTA  
XORNADA DE EMPREGO.**

Esta nova xornada, que pecha o ciclo que se ven desenvolvendo dende o mes de xaneiro, terá como tema central “A busca de emprego a través de Internet” e terá lugar o vindeiro xoves 25 de xuño.

O Concello de Porto do Son vai levar a cabo o vindeiro xoves día 25 de xuño a súa sexta Xornada de Emprego. Esta xornada, derradeira do ciclo que se leva a cabo dende o mes de xaneiro, vai ter como tema central a busca de emprego a través de Internet.

Nesta xornada, as persoas participantes van coñecer e poñer en práctica as opcións que ofrece a Rede para a busca de emprego (recomendacións, páxinas webs de interese, redes profesionais de emprego, etc). De impartir esta xornada, de dúas horas de duración, vanse encargar o Orientador Laboral e o Técnico TIC do Concello de Porto do Son.

As persoas interesadas en participar nesta sesión poden inscribirse ou obter máis información na Oficina de Información Laboral do Concello de Porto do Son (981 76 75 89).